



Concello de
OURENSE
Cultura

CONCELLERÍA DE CULTURA
Rúa da Canle 2
32004 OURENSE

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E CINECLUBE PADRE FEIJÓO PARA O APOIO A ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL

Na casa consistorial do Concello de Ourense, a 21 de decembro de 2016, ante o oficial maior accidental que actúa como fedatario,

REUNIDOS

Dunha parte dona María Belén Iglesias Cortés, que actúa en representación do Excmo. Concello de Ourense, con CIF P 32 [redacted], en calidade de concelleira de Cultura, en exercicio de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local en virtude de acordo de 30 de xuño de 2016.

E da outra, D Manuel Precedo Barbeito, que actúa en representación de Cine Clube Padre Feijóo, en calidade de Presidente do mesmo, con CIF G 32 [redacted], e con enderezo social na rúa Ramón Cabanillas nº 1, de Ourense, CP 32001.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración deste convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Ourense e a entidade Cine Clube Padre Feijóo, polo que

EXPOÑEN

Que ambas entidades teñen interese en regular a colaboración entre o Concello de Ourense e a entidade Cine Clube Padre Feijóo para a realización de actividades de carácter cultural e con este fin, logo da aprobación en Xunta de Goberno Local do texto do convenio, en sesión ordinaria de 1 de decembro de 2016 (apartado 25 da orde do día), acordan establecer un convenio de colaboración sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio consiste en regular a cooperación entre o Excmo. Concello de Ourense e Cine Clube Padre Feijóo para a divulgación e o desenvolvemento do medio audiovisual, achegando á sociedade este medio audiovisual, achegando á sociedade este medio de expresión dun xeito educativo e crítico.


SEGUNDA

A cooperación realizarase no marco dunha aberta e decidida colaboración institucional coas bases fundacionais do Cine Clube Padre Feijóo, colaborando economicamente na atención dos seus gastos de funcionamento ordinario cara á realización de actividades de difusión e proxección cultural, e de feito particular, ás seguintes:

- 1.- Difusión da cultura cinematográfica.
- 2.- Consolidación dunha programación estable e de calidade para ofrecer á cidadanía
- 3.- Organización de ciclos de cine temático anual.
- 4.- Organización e realización e todo tipo de actividades divulgativas e académicas como: conferencias, cursos de formación, seminarios, etc.
- 5.- Promover aos novos directores galegos facilitando a exhibición dos seus traballos.
- 6.- Participación na produción e posterior exhibición dos guións que se presenten.
- 7.- Ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais que permitan a tódalas persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre o mundo do cine.
- 8.- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades e dos obxectivos das partes asinantes deste convenio.

TERCEIRA

O Cine Clube Padre Feijoo asume as seguintes obrigas:





1.- Facer constar en toda a publicidade xerada que a actividade está subvencionada ou patrocinada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense.

2.- Cumprir as obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, 10/12/2013) e Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, 15/02/2016). En particular, a obriga de manter actualizada na súa páxina web a información relativa á súa estrutura e organigrama, programa de actividades, contratos e convenios subscritos con Administracións Públicas e subvencións recibidas das Administracións Públicas.

CUARTA

O Excmo. Concello de Ourense asume os seguintes compromisos:

- Prestar apoio ao Cine Clube Padre Feijóo, para realizar actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos sinalados.
- Realizar unha achega anual económica ao Cine Clube Padre Feijóo con destino aos gastos de funcionamento, prestación dos servizos e desenvolvemento da actividades culturais, por un importe de seis mil euros (6.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 200.3343.48900.

QUINTA

De acordo co principio de anualidade orzamentaria, a achega concedida deberá destinarse aos gastos devindicados no ano 2016.

SEXTA

O libramento dos fondos realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación da aplicación outorgada á subvención concedida, comprensiva da seguinte documentación conformada pola Secretaría e/ou outros órganos competentes da asociación:

- a) Instancia subscrita polo/a presidente/a da asociación dirixida á Concellería de Cultura, na que se solicite o pagamento da subvención concedida.
- b) Memoria detallada comprensiva das actividades realizadas dentro do obxecto do presente convenio.
- c) Certificación de estar ao corrente das obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
- d) Comunicación de outras subvencións concedidas para o obxecto do convenio.
- e) Contas anuais oficiais (coa certificación da súa aprobación polo órgano estatutariamente competente para elo), entre as que constarán

1. Balance de situación
2. Conta de Perdas e Ganancias
3. Memoria e Informe de Xestión

En calquera caso, se establece como data límite para a presentación da xustificación 28 de abril de 2017.

Para o caso de que as necesidades de gasto da asociación así o xustifiquen, o Concello de Ourense poderá aboar o 70% da cantidade anual comprometida, en concepto de anticipo á entrega total da achega anual pactada.


SÉTIMA

Este convenio comezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración ata o 31 de decembro de 2016.

OITAVA

O presente convenio ten natureza administrativa e correspóndelle ao Concello de Ourense resolver as dúbidas que se orixinen na súa interpretación, execución e solución de controversias, sendo os seus acordos de inmediata execución.

Para a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir en aplicación do presente convenio de colaboración será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do





convenio.

NOVENA

Procederáse á redución proporcional da achega nos seguintes casos:

- Que o importe da achega supere o 75% do custo das actividades subvencionadas de acordo co disposto na cláusula terceira.
- Que a axuda en concorrencia con outras achegas e ingresos supere o custo das actividades subvencionadas.

DÉCIMA

Serán especiais causas de perda de dereito e de reintegro:

- O incumprimento, total ou parcial, da xustificación
- Non adoptar as medidas de difusión contempladas na cláusula terceira.
- Incumprir as medidas de transparencia da cláusula terceira.

As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que de ser o caso estivesen desenvolvéndose no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión conforme ás bases que orixinalmente se acordaron.

UNDÉCIMA


Ao presente convenio seralle de aplicación a Lei Xeral de Subvencións do Estado (Lei 38/2003), a Lei de Subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 9/2007) e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense (BOP 09.07.2005).

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan por triplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento deste documento.

A Concelleira de Cultura
M^a Belén Iglesias Cortés



O Presidente de Cine Clube Padre Feijóo
Manuel Precedo Barbeito



O Oficial Maior
J. Manuel da-Cunha Babarro

